



TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Nome do plan: Directrices de Paisaxe de Galicia

Promotor: Instituto de Estudos do Territorio

Órgano substantivo: Instituto de Estudos do Territorio

Expediente: 2016AAE1990

Código web: 1888/2016

O día 27.12.2016 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático un escrito do Instituto de Estudos do Territorio para continuar a tramitación das Directrices da Paisaxe de Galicia. Achegaba a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan presentados polo promotor, segundo esixe o artigo 29 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

- 1 A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece o ámbito de aplicación e o réxime xurídico que regula o procedemento de avaliación ambiental estratéxica.
- 2 O artigo 6.2.c) da Lei 21/2013 determina que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada os plans e programas que establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non cumpran os demais requisitos para ser sometido a avaliación ambiental estratéxica ordinaria.
- 3 A mesma Lei 21/2013 establece que o órgano ambiental, con carácter previo á emisión do informe ambiental estratéxico, someterá o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico ás consultas das administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo de 45 días hábiles (artigo 30.1).
- 4 Esta Dirección Xeral decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá, ao abeiro do artigo 83.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O apartado 4 do mesmo artigo 83 faculta ás administracións para establecer outras formas, medios e canles de participación dos cidadáns no procedemento no que se ditan os actos administrativos
- 5 O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, dita secretaria pasa a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública na sede electrónica deste órgano ambiental por un **prazo 45 días hábiles** o documento ambiental estratéxico e o borrador das **Directrices da Paisaxe de Galicia**, con carácter previo á emisión do informe ambiental estratéxico.

No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o plan ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).



As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na sede electrónica deste órgano ambiental (<http://cmaot.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal
- Mediante fax remitido ao número 981 541 048.
- Mediante escrito presentado no registro administrativo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na sede electrónica (<http://cmaot.xunta.gal/medio-ambiente-e-sostibilidade>) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2016